

CONCELLO
DE VIGO



Área de Goberno de
Seguridade, Contratación,
Festas e Xestión Municipal

Área de RRHH e
Formación

RESOLUCIÓN

Vistas as excepciónais circunstancias acaecidas no día de onte, 28 de abril do 2025, relativas á interrupción xeral do suministro eléctrico ocorrido na península ibérica; e considerando as medidas adoptadas polo Goberno de España en Ordes INT/399/2025 e INT/400/2025, de 28 de abril (BOE núm. 103, do martes 29 de abril do 2025);

Considerando o disposto no art. 32 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, que establece (apartados 4 e 5) que "4. Cuando una incidencia técnica haya imposibilitado el funcionamiento ordinario del sistema o aplicación que corresponda, y hasta que se solucione el problema, la Administración podrá determinar una ampliación de los plazos no vencidos, debiendo publicar en la sede electrónica tanto la incidencia técnica acontecida como la ampliación concreta del plazo no vencido.

5. Cuando como consecuencia de un ciberincidente se hayan visto gravemente afectados los servicios y sistemas utilizados para la tramitación de los procedimientos y el ejercicio de los derechos de los interesados que prevé la normativa vigente, la Administración podrá acordar la ampliación general de plazos de los procedimientos administrativos";

Pola presente, en atención ao exposto, e ao abeiro das competencias que en materia de recursos humanos ostento por delegación da Excmá. Alcaldía, efectuada en Decreto de data 28 de xuño do 2025,

RESOLVO:

PRIMEIRO.- Acordar a ampliación en un (1) día dos prazos non vencidos nos procedementos administrativos tramitados pola Área de Recursos Humanos e Formación do Concello de Vigo (buzóns 220 e 2202) en atención ás circunstancias excepciónais expostas.

SEGUNDO.- Ordenar a urxente publicación do presente anuncio na sede electrónica do Concello de Vigo para público e xeral coñecemento das persoas interesadas"

Contra a presente resolución, que ten a natureza xurídica e procedimental de acto de trámite, poderanse interpoñer polas persoas interesadas os recursos de alzada e potestativo de reposición, que cabreá fundar en calesquera dos motivos de nulidade ou anulabilidade previstos nos arts. 47 e 48 da lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPACAP). A oposición aos restantes actos de trámite poderá alegarse polas persoas interesadas para a súa consideración na resolución que poña fin ao procedemento.

MDG/

Vigo, na data da sinatura electrónica

A Concelleira delegada de Normalización Lingüística, Educación, Recursos Humanos e Formación (resolución da Excmá. Alcaldía de data 28/06/2024).- María Olga Alonso Suárez.

A Concelleira da Área de Goberno de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal.- (resolución da Excmá. Alcaldía de data 28/06/2024).- Patricia Rodríguez Calviño.



Copia do documento - Concello de Vigo

250098160

Data impresión: 29/04/2025 12:47

Páxina 1 de 2

CSV: A5A5E9-C44658-51DEDF-WDYZR5-G6TP97-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

CONCELLO
DE VIGO



Área de Goberno de
Seguridade, Contratación,
Festas e Xestión Municipal

Área de RRHH e
Formación

Dou fe, A Secretaria de Goberno Local.- Susana Gallardo Fariña.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 29/04/2025 12:47	Páxina 2 de 2
250098160	CSV: A5A5E9-C44658-51DEDF-WDYZR5-G6TP97-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		